

DECRETO NÚMERO 20/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADO POLA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.

Ilma. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 2 de febreiro de 2010.

Instruído expediente relativo a DESIGNACIÓN DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO E DENOMINADAS COMO PROGRAMA “UNHA ESCOLA ABERTA”.

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación da prestación de actividades extraescolares e complementarias levadas a cabo pola Concellería de Educación nos Ceips do Concello de Lugo e denominadas como programa “Unha escola aberta”.

2.- Cláusula Décimo-segunda, punto 5, no que se detalla que para a valoración dos criterios de adxudicación relativos á oferta técnica e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano propoñente do contrato que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados. Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.

3.- Vista proposta do Servizo de Educación na que para formar parte do comité de expertos para a selección da empresa adxudicataria do servizo de PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO E DENOMINADAS COMO PROGRAMA “UNHA ESCOLA ABERTA”, propónse a:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cbg

Ref: activ extraescol

Asunto: dec nombramto comité expertos

- FRANCISCO FERNÁNDEZ EIRÓS, Animador sociocultural de Benestar Social do Concello de Lugo.
- MANUEL FERNÁNDEZ SARCEDA, Director del CEIP de Albeiros.
- MARÍA DEL PILAR SEOANE YÁÑEZ, Directora del CEIP de Nadela.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar para formar parte do comité de expertos para a selección da empresa adxudicataria do servizo de PRESTACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO E DENOMINADAS COMO PROGRAMA “UNHA ESCOLA ABERTA”, ós seguintes:

- FRANCISCO FERNÁNDEZ EIRÓS, Animador sociocultural de Benestar Social do Concello de Lugo.
- MANUEL FERNÁNDEZ SARCEDA, Director del CEIP de Albeiros.
- MARÍA DEL PILAR SEOANE YÁÑEZ, Directora del CEIP de Nadela.

SEGUNDO.- Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Notifíqueselle-la presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se los seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñer-se recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

CUARTO.- Así mesmo déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.